

TARDE E MAL REGÚLASE O NOVO BACHARELATO EN GALICIA

A Consellaría de Educación envolveu á comunidade Educativa galega nunha irracional confrontación entre diferentes colectivos de docentes ao variar as horas de docencia de determinadas materias. Malia que é certo que a regulación vén condicionada pola LOE e polo **RD 1467/2007 de 2 de novembro**, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, a administración tería que ter presentado unha oferta curricular que respectase os dereitos do alumnado á maior optatividade do itinerario escollido sen que se visen lesionados os dereitos dos profesores das materias agora afectadas: Ed. Física, Historia e Filosofía. Non é compatible, por exemplo, o aumento do currículo en historia con unha hora de redución desa materia, nin é asumible que outra materia tan necesaria como a Educación Física vexa reducida a súa carga horaria nada menos que nun 50%.

CC.OO. denuncia así mesmo a actitude irresponsable dos que se apuntan a solucións que saben inviables, como modificar o horario das relixións (das que marca o mínimo de dúas horas un Real Decreto) ou diminuír o horario das optativas.

Así mesmo CC.OO. entende que o debate curricular é técnico, pero as decisións últimas son de carácter político, é dicir, o acordo dos dous partidos que sosteñen ao goberno (PSOE e BNG) é o que ten que responder das súas últimas decisións.

Por último, nun debate sobre ou desenvolvemento dos currículos e a carga horaria, non é costume de CC.OO. sacar propostas de horas dun lado para meter noutro. Ademais, facer propostas demagóxicas e pseudoprogresistas como a desaparición da relixión cando sabemos que non é

competencia da Comunidade Autónoma, queda moi ben non papel pero é un engano aos traballadores e unha irresponsabilidade sindical.

Neste contexto CC.OO., xa fixo propostas tentando de mellorar o documento en diversos aspectos como a oferta obrigatoria de dúas modalidades de bacharelato en todos os centros, o incremento de optativas como música e tecnoloxía nos dous cursos do bacharelato... Pero, ademais e sobre todo, CCOO ten que loitar porque o emprego e as condicións de traballo do profesorado que ve reducida a súa carga horaria, non se vexan prexudicadas. Neste sentido, o noso sindicato xa deu moitos exemplos de firmeza e coherencia, e temos arrincado acordos sobre as condicións de traballo e as garantías do profesorado como por exemplo o Acordo de Secundaria de hai dez anos.